

## GELT (GRUPO DE ESTUDOS DAS TECNOLOXÍAS LIBRES NA TRADUCIÓN)

*Coordinador/a:* **Óscar Díaz Fouces**

*Participantes:* *María José Fernández Pintelos*  
*Marta García González*  
*María Teresa Veiga Díaz*

### Liñas de actuacións

---

As persoas participantes do equipo son tamén membros do grupo GELT (Grupo de Estudos das Tecnoloxías Libres de Tradución), inscrito na Oficina de I+D da Universidade de Vigo.

O traballo do GELT (véxase [gelt.webs.uvigo.es/](http://gelt.webs.uvigo.es/)) está en harmonía coas recentes estratexias de promoción do software libre, tanto a nivel estatal coma europeo. Sirva como exemplo moi próximo a actividade desenvolvida en España pola *Fundación Pública Estatal Centro Nacional de Referencia de Aplicación de las Tecnologías de la Información y la Comunicación* (CENATIC), baseadas en fontes abertas, ou a labor do *Centro Nacional de Desarrollo Curricular en Sistemas no Propietarios* (creado pola orde EDU/2341/2009, de 27 de agosto, BOE 213 de 3 de setembro de 2009). Pola súa banda, a Unión Europea no seu programa marco de I+D promoveu un bo número de proxectos e iniciativas relacionados co software libre e de fontes abertas. Existe un estudo detallado sobre o impacto do software libre na innovación e a competitividade no espazo europeo (*The impact of Free/Libre/Open Source Software on innovation and competitiveness of the European Union*, dispoñible en [http://ec.europa.eu/enterprise/sector/itc/files/2006-11-20-flossimpact\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/enterprise/sector/itc/files/2006-11-20-flossimpact_en.pdf)) que resume perfectamente o valor real deste tipo de iniciativas. A Comisión Europea dispón até dun portal específico para o fomento do software libre, Joinup: <https://joinup.ec.europa.eu>, creado no marco do programa ISA (Interoperability Solutions for European Public Administration).

### Obxectivos

---

Os obxectivos son os seguintes ([getlt.webs.uvigo.es/](http://getlt.webs.uvigo.es/)):

1. A análise e o fomento do uso do software libre na práctica profesional da tradución.
2. A análise e o fomento do uso do software libre na formación das persoas que se dedican a esta actividade.
3. A visibilidade e a proxección do traballo desenvolvido polas comunidades que colaboran na tradución de proxectos libres.

4. O estímulo á cooperación de estudantes, docentes e profesionais da tradución coas comunidades que colaboran na tradución dos proxectos libres.

Os obxectivos dous e catro teñen unha dimensión claramente pedagóxica. De feito:

Os membros do grupo integraron ferramentas libres na súa docencia en diferentes materias de Grao en Tradución e Interpretación nos últimos anos.

Estableceron protocolos de cooperación como grupo de tradución de software para galego *Trasno* para acoller estudantes en prácticas do Mestrado en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo.

Organizaron, desde 2010 até este mesmo curso, sesións formativas sobre localización de software libre con o devandito grupo *Trasno* e o apoio da Oficina de Software Libre e do consorcio CIXUG (<http://www.cixug.es/cixug/>) para o estudantado de tradución.

Desenvolveron unha distribución GNU/Linux para a formación de tradutores/as, chamada *MindTrad*, aloxada no servidor da Universidade de Vigo (<ftp://ftp.uvigo.es/mindtrap/>) a partir do proxecto «Creación dunha plataforma docente GNU/LINUX para a formación de tradutores/as-localizadores de software-subtituladores/as», que contou con financiamento da Consellaría de Innovación e Industria no programa INCITE (proxecto PGIDIT07PX1B302200PR). A sala N17 da Facultade de Filoloxía e Tradución e Interpretación está dotada dunha instalación dual *boot* desta mesma distribución. A versión máis recente, que está agora a ser desenvolvida, foi presentada no Mestrado de Tradumática da *Universitat Autònoma de Barcelona* a comezos deste mesmo curso.

## Plan de traballo

- Continuar a impartir o seminario anual de localización de SL para o alumnado da Facultade de Filoloxía e Tradución. Eventualmente abril a todo o campus, se houber posibilidades. O obxectivo é continuar a promover o uso deste tipo de ferramentas nos usos discentes (e no futuro profesional) do estudantado, ben como difundir argumentos de plena funcionalidade, apertura de procesos e formatos e neutralidade tecnolóxica institucional. O apoio da CIXUG e o grupo *Trasno* permite dar visibilidade á comunidade de tradutores/as e ao traballo das Oficinas de Software Libre. No caso do estudantado de tradución, a inserción nos fluxos de traballo de localización de software libre son un instrumento pedagóxico de extraordinario valor para testar os propios coñecementos nunha contorna real, ao mesmo tempo que un modelo de retorno do investimento en capital académico á sociedade.
- Preparar seminarios de formación permanente sobre ferramentas libres para a tradución para o profesorado, con apoio da CIXUG e de *Trasno*, probablemente na forma de cursos de extensión universitaria.
- Manter a distribución *MindTrad*, ao ritmo desexable dunha nova versión cada dous cursos, coincidindo do ciclo de lanzamento das versións LTS de Ubuntu en que *MindTrad* está baseada.
- Continuar a desenvolver materias pedagóxicas multimedia ad hoc, como valor acrescentado para a distribución, alén da recompilación do software que agora inclúe.